

2.- Sabías que os carballos son árbores de grande utilidade. Vexamos...

a) Dende antigo as follas utilizábanse como alimento para o gando.

- Sabíao Ignorábao

b) Os seus froitos, as landras, son un excelente alimento para o gando

- Sabíao Ignorábao

c) Así, oíches falar da denominación de orixe "jamón de bellota"?

- Si Non

d) Conta Estrabón, xeógrafo e historiador romano do século I a. C., que a xente do noroeste de Hispania facía unha especie de torta con fariña de landras.

- Sabíao Ignorábao

e) Que despois os romanos trouxeron as castañas e tiveron moito éxito neste país.

- Sabíao Ignorábao

f) Sabemos que os carballos de San Mariño, no pasado, foron podados para aproveitar as grosas ramas como combustible nas lareiras.

- Imaxinábamo Descoñecía

g) Que por causa daquelas podas dos seus troncos agora saen numerosas ramas, case dende a mesma altura.

- Imaxinábamo Descoñecía

h) Sabías que algúns destes carballos teñen algo máis de cincocentos anos?

- Sospeitábao No mo creo

i) Iso significa que algún deles sendo moi cativo xa estaba alí medrando cando Felipe II era o rei de España.

- Paréceme increíble Non mo imaxinaba

l) Estes carballos seguen tendo un enorme atractivo para os homes, son un importante lugar de encontros para feiras e mercados. Fíxate nas imaxes.

